



*SERVIZO DE CONTABILIDADE*

## CONTA XERAL EXERCICIO 2018

### INTRODUCCIÓN

*Abril 2019*

## **A) Disposiciones reguladoras**

En primeiro lugar faise necesario poñer de manifesto as principais normas estatais ou autonómicas que se refiren a a xestión económico financeira das Entidades Locais e á preceptiva formación, rendición e aprobación da conta respectiva:

- Constitución Española: Artigo 136
- Artigos 114 a 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.(TRLRHL): Artigos 208 a 212
- Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, do Ministerio de Economía e Facenda, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local. (IC): Regras 44 a 51 e Terceira parte do Anexo: Normas de elaboración das contas anuais.
- Artigo 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1980 Reguladora das Facendas Locais
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA): Artigo 212
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia : Artigo 25
- Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, do 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrucción que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas (BOE núm. 90, do 14 de abril de 2007) (Actualizada por Resolución do 20 de xullo de 2009, por Resolución do 26 de Xullo de 2010 e desenvolvida e complementada por Resolución do 2 de decembro de 2015 que publica o acordo do Pleno de 26/11/2015 que aproba a instrucción que regula a rendición telemática da conta xeral das Entidades Locais e o formato da esta conta a partir da correspondente a 2015(BOE núm.295 do 10 de decembro de 2015)).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, de regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, na súa redacción actual, resultante de tomar en consideración as modificacíons aprobadas pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, que fortalece a obriga de rendición, especialmente, ao modificar o apartado 1 do artigo 36 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, establecendo que ás entidades locais que incumpran o deber de remitir ao Tribunal de Contas a información á que se refire o artigo 212.5 do TRLRHL poderáseles reter o importe das entregas a conta e, no seu caso, anticipos e liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado que lles corresponda ata que se considere cumplida tal obrigación de remisión.



- Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, do Ministerio de Economía e Facenda, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das Entidades Locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito da estabilidade orzamentaria.
- Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Resolución do 13 de novembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un novo formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático para a súa rendición (BOE núm. 278, do 20 de novembro de 2015).
- Resolución do 1 de xuño de 2016 do Consello de Contas de Galicia pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, pola que se aproba a Instrucción que regula o formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG núm. 112, do 14 de xuño de 2016).
- Base 33<sup>a</sup>.9 de execución do Orzamento provincial que establece: “*Para os efectos establecidos no artigo 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a Intervención Xeral elevará o seu informe, sobre resolución de discrepancias, ao Pleno provincial como un punto independente na orde do día e incluirao como parte integrante do expediente que contén a Conta Xeral, xunto co informe xustificativo da Presidencia da Corporación*”.
- Páxina de Internet de Rendición de contas, común para o Tribunal de Contas e para o Consello de Contas de Galicia:  
[https://rendiciondecuentas.é/Presentacion/home?request\\_locale=gl](https://rendiciondecuentas.é/Presentacion/home?request_locale=gl)

## **B) Tramitación**

### **B.1.- Formación**

Corresponde á Intervención, a través do Servizo de Contabilidade desta Deputación, a formación da CONTA XERAL. (Art.212.2 TRLRHL e Regra 47 IC).

O prazo para a formación da CONTA XERAL ten como data tope o 14 de maio xa que, tal como sinala o artigo 212.1 do TRLRHL o Presidente da Entidade deberá render a Conta antes do 15 de maio. No entanto, a consideración conxunta do establecido no art. 212 da LALGA e na data da celebración da sesión ordinaria da Comisión Especial de Contas do mes de maio requiren, no caso concreto que nos ocupa, que a documentación que integra a Conta Xeral de 2018 estea ao dispor dos membros da citada Comisión con 15 días hábiles de antelación á convocatoria da mesma.

P

## **B.2.- Rendición**

Corresponde á Presidencia da Deputación a rendición da CONTA XERAL. (Art. 212.1 TRLRHL e Regra 51 IC).

O prazo para a rendición da CONTA XERAL correspondente ao exercicio 2018, conclúe o día 15 de maio coas consideracións expostas no apartado anterior.

De acordo con a Regra 48.1.c. da IC, incorpórarse a Conta Xeral do Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña, elaborada pola Secretaría-Intervención do Consorcio. Non obstante os órganos competentes do Consorcio deben proceder á tramitación oportuna.

## **B.3.-Procedemento**

O procedemento de tramitación da CONTA XERAL aparece regulado no artigo 212 do TRLRHL e na Regra 49 IC. Nestes preceptos dispõse que a mesma será sometida antes do 1 de xuño de 2018 a informe da Comisión Especial de Contas que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación. A teor do disposto no pto. 4 do Art. 212 da Lei 5/97, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, a conta e a documentación complementaria estará ao dispor dos membros desta comisión, para exame e consulta, como mínimo quince días antes da reunión. A Conta Xeral co informe preceptivo será exposta ao público por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións. Examinados estes pola Comisión e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe. Acompañada dos informes da Comisión e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación, para que no seu caso poida ser aprobada antes do día 1 de outubro de 2018 e rendida ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, antes do día 15 de outubro de 2018 (artigo 223.2 do TRLRHL)

## **C) Estrutura e Contido**

A IC detalla no capítulo II do seu título IV (Regras 44 a 51) toda a documentación que integra a CONTA XERAL DA ENTIDADE, que é obxecto dun desenvolvemento pormenorizado na Terceira parte do Anexo do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local e que ten a seguinte estrutura:

### I.- Normas de elaboración das Contas Anuais

O índice detallado da documentación requerida nas normas de aplicación para a Conta Xeral das Entidades Locais é a que se recolle a continuación:

P

❖ *Conta da propia Entidade*

- a. Balance
- b. Conta do resultado económico-patrimonial.
- c. Estado de cambios no patrimonio neto
- d. Estado de fluxos de efectivo
- e. Estado de Liquidación do Orzamento
- f. Memoria comprensiva dos seguintes apartados:
  - 1. Organización e Actividade
  - 2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración
  - 3. Bases de presentación das contas
  - 4. Normas de recoñecemento e valoración
  - 5. Inmobiliado material
  - 6. Patrimonio público do chan
  - 7. Investimentos inmobiliarios
  - 8. Inmobiliado intanxible
  - 9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
  - 10. Activos financeiros
    - a) Información relacionada co balance
    - b) Información relacionada coa conta do resultado económico-patrimonial
    - c) Información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de xuro
    - d) Outra información
  - 11. Pasivos financeiros
    - a) Situación e movemento das débedas
    - b) Liñas de crédito
    - c) Información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de xuro
    - d) Avais e outras garantías concedidas
    - e) Outra información
  - 12. Coberturas contables
  - 13. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias

14. Moeda estranxeira
15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos
16. Provisións e continxencias
17. Información sobre o medio ambiente
18. Activos en estado de venda
19. Presentación por actividades da conta do resultado económico patrimonial.
20. Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos.
  - a) Obrigacións derivadas da xestión
  - b) Entes públicos, contas correntes en efectivo
  - c) Desenvolvemento da xestión
21. Operacións non orzamentarias de tesourería.
  - a) Estado de debedores non orzamentarios
  - b) Estado de acreedores non orzamentarios
  - c) Estado de partidas pendentes de aplicación
    - c.1) Cobranzas pendentes de aplicación
    - c.2) Pagos pendentes de aplicación
22. Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación.
23. Valores recibidos en depósito.
24. Información orzamentaria
  - 24.1. Exercicio corrente
    - 1) Orzamento de gastos
      - a) Modificacións de crédito
      - b) Remanentes de crédito
      - c) Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento
    - 2) Orzamento de ingresos
      - a) Proceso de xestión
      - b) Devolucións de ingreso
      - c) Compromisos de ingreso
  - 24.2. Exercicios cerrados
    - 1) Orzamento de gastos. Obrigacións de orzamentos cerrados
    - 2) Dereitos a cobrar de orzamentos cerrados

P

3) Variación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores

24.3. Exercicios posteriores

- 1) Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores
- 2) Compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

24.4. Execución de proxectos de gasto

- 24.5. Gastos con financiamento afectado
- 24.6. Remanente de tesourería

25. Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.

- 1) Indicadores financeiros e patrimoniais
- 2) Indicadores orzamentarios

26. Información sobre o custo das actividades

27. Indicadores de xestión

28. Feitos posteriores ao peche

- ❖ *Conta dos Organismos Autónomos (Non existen en Deputación)*
- ❖ *Conta das Sociedades Mercantís de capital integralmente propiedade da Entidade Local (Non existen en Deputación)*
- ❖ *Conta das Entidades Públicas Empresariais (Non existen en Deputación)*
- ❖ *Contas daquelas unidades dependentes da entidade local incluídas no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira non comprendidas nas contas anuais das sociedades mercantís en cuxo capital social teña participación maioritaria a entidade local nin integradas na Conta Xeral (Regra 48.1.c) da IC)*

Para dar cumprimento a esta disposición acompañaase a información remitida polo Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña, que debe ser obxecto da tramitación preceptiva polos órganos de representación do mesmo.

P

❖ *Información Complementaria*

- a. Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- b. Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.
- c. Estado conciliatorio entre saldos contables e bancarios.
- d. Memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos.
- e. Memoria demostrativa do grao en que se cumpriron os obxectivos programados con indicación dos previstos e alcanzados co custo dos mesmos.
- f. Informe da Intervención sobre os reparos formulados (artigo 218 do TRLRHL e apartado 4 da Base 33<sup>a</sup> de Execución do Orzamento Provincial) e Informe da Presidencia sobre as consideracións aos reparos e proposta de acordo ao Pleno.

**D) Formato de elaboración e presentación**

**D.1.-Elaboración**

A Conta Xeral da Deputación correspondente ao 2018 elabórase en soporte papel e en soporte informático, atendendo este último, na súa totalidade, ao modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución da Intervención Xeral do Estado do 13 de novembro de 2015 adaptado ás últimas actualizacións da IGAE publicadas na páxina WEB do Ministerio de Facenda, e que responde o seguinte esquema:

***A. Ficheiro formato “XML”***

- Ficheiro XML da Conta Xeral da Entidade Local (P1500000C\_2017\_NOR\_CONTAS-ANUAIS.xml)
- Ficheiro XML da Conta Xeral do Consorcio (V15859481\_2017\_NOR\_CONTAS-ANUAIS.xml)

***B. Ficheiros formato “pdf”da documentación complementaria a acompañar á conta xeral:***

- Acta de arqueo, xustificantes dos saldos bancarios e estado de conciliación (P1500000C\_2017\_NOR\_DC-TESORERIA.pdf)
- Memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos e Memoria demostrativa do grao de cumprimento dos obxectivos programados (P1500000C\_2017\_NOR\_DC-MEMORIAS.pdf)

P

**D.2.-Presentación**

Os membros da Comisión Especial de Contas terán á súa disposición a información da Conta Xeral en formato papel, con 15 días de antelación á celebración da sesión que corresponda do mes de maio.

O INTERVENTOR  
  
Asdo. José M. Pardellas Rivera

A Coruña, 30 de abril de 2019

A XEFA DE SERVIZO  
  
Asdo... Pilar Vázquez Pérez